

Un apunte sobre Italia

Como votan os italianos residentes no exterior?

Andrea Lanzi

Ata o ano 2001, para votar nas eleccións políticas e administrativas e nos referendos, os italianos residentes no exterior tiñan que regresar a Italia; noutras palabras, o dereito de voto, en realidade, non estaba garantido. Coa lei 459 de 27 de decembro de 2001 foi instituído o voto por correspondencia para a elección do Parlamento e para os referendos, sen necesidade de requirirse a presenza no territorio italiano. Non foi estendida esta modalidade de voto ás eleccións administrativas para municipios, provincias e rexións. As citadas son as estruturas administrativas do Estado italiano e, nomeadamente, as rexións aumentaron moito os propios poderes na área de saúde, ensino e seguranza, despois da reforma, en senso federalizante, da Constitución italiana.

Os italianos residentes no exterior xa votaron en dous referendos celebrados en 2003 e 2005, cunha porcentaxe de votantes semellante á rexistrada en Italia. Para recibir a cédula electoral, os italianos residentes no exterior, que son aproximadamente 4 millóns de persoas, deben figurar censados no AIRE (*Anagrafe Italiani Residenti Estero*) e nos últimos meses fíxose un enorme esforzo para sanear uns listados que tiñan 1.300.000 residentes en situación irregular.

A mesma modalidade de voto por correspondencia foi estendida para as eleccións en 2004 dos Comités dos italianos no exterior, órganos representativos das comunidades italianas en cada circunscrición consular, mais con poucos poderes e case ningún recurso financeiro achegado polo Estado. Nas eleccións políticas de 2006 elixíranse 12 deputados e 6 senadores nos catro colexios en que foi dividido o mundo: América do Norte e Central; América do Sur; Europa; Asia e África.

Cada circunscrición terá dereito a elixir, polo menos, un deputado e un senador e os outros 8 deputados e 2 senadores serán atribuídos en base ao número dos electores; pola súa banda, América do Sur terá dereito a elixir 3 deputados e 2 senadores. Os candidatos poden ser, como máximo, o dobre do número de parlamentarios a ser electos. Os candidatos deben ser residentes no exterior, non sendo posible para quen mora en Italia ser candidato no exterior. Poderase votar escollendo un máximo de dúas preferencias cando se teña que elixir máis dun parlamentario, e o método de atribución de escanos é proporcional.

Esta é a situación actual, mais é necesario lembrar que no Parlamento italiano estase discutindo unha nova lei electoral que poderá ou non mudar aspectos referentes ao dereito de sufraxio dos italianos residentes no exterior. Calcúlase que existe outra Italia fora das fronteiras de uns 60 millóns de persoas, entre nados en Italia e os seus descendentes.

Polo tanto, ¿por que só 4 millóns terán o dereito de votar? Coido que iso ten que ver coas características da emigración italiana, caracterizada por un alto grao de integración nas sociedades de acollida e de mestizaxe, así como a nivel político, económico, artístico, académico, de liderado sindical ou empresarial, os italianos ofreceron e ofrecen moitos representantes, porén non en canto italianos, mais como expoñentes daqueles medios. É bo lembrar que a nivel político, non existindo ata agora o dereito de elixir os seus propios representantes no Parlamento, os italianos non crearan estruturas partidarias, a pesar de ter simpatía por un e outro partido e alianza partidaria de centro esquerda ou de centro dereita. Varios problemas terán que ser solucionados como, por exemplo, a participación na vida parlamentaria sen esquecer o contacto coa circunscrición, tendo en conta as enormes distancias entre Roma e varios países.

Andrea Lanzi é membro da Asociación de Intercambio Cultural Itália-Brasil “Anita e Giuseppe Garibaldi”, e dirixe a revista italo-brasileira *Forum Democrático*.